O Magosto

No colexio tamén celebramos o magosto no patio. Os nenos/as aportamos unha ducia de castañas que se xuntan coas do colexio para logo ser asadas (picadas para que non estouren) que logo comemos todos xuntos.
Cando rematamos imos ás pistas e facemos xogos populares.
As castañas tamén se poden comer crúas, acompañando ás carnes, asadas ou cocidas. Pódense facer receitas como paspallás con castañas ou polo recheo de castañas. Tamén se poden facer doces coma torta de castañas, crema de castañas, marrón glacé...

SABÍAS QUE...

Sabías que ós xabaríns gustan moito das castañas? Había que meter os ourizos nas ouriceiras mentres que regañaban para que os xabaríns non comeran as castañas.
Sabías que nalgunhas comarcas ás patacas chámaselles "castañas de terra" e noutras "castañas mariñas"?
Sabías que os castiñeiros bravos (silvestres) se chaman rebordáns e os retoños que nacen ó seu pé bravádegos.?

Sara Corral e Diego Barreiro 6ºA

O castiñeiro debe o seu nome á cidade de Kastania , na península de Anatolia. É orixinario do sursueste de Europa. Foi introducida en Galicia polos romanos.
O castiñeiro é unha árbore nobre e non só produce castañas. Danos unha magnífica sombra en verán e leña en inverno. En simbiose produce uns marabillosos cogomelos, embelece a paisaxe, e mellora o ecosistema humano, tan depredado por produccións rápidas. Na relixión celta, o castiñeiro debeu de ser venerado polos seus druídas, en compañía do carballo. Foi a árbore do pan das nosas tribos antes da chegada dos romanos.

A castaña é un dos alimentos máis antigos da Humanidade. Dende o Paleolítico o home alimentouse de castañas e landras. Comíanas asadas ou facían fariña das castañas ou "pilongas", para alimentarse durante todo o ano. Ata hai poucos anos, era alimento base da poboación europea en forma de froito seco, sen as súas peles, ou moída en fariña. No século XVI, viñeron as patacas e o millo de América, estableceuse a competencia e perderon pouco a pouco protagonismo na dieta campesiña, e moito mais ao ser atacada a árbore por enfermidades como "chancro" e a "tinta". O número de castiñeiros diminuíu en Galicia a pesares das repoboacións.

Despois da recolleita de castañas nos soutos, facíase unha festa na que participaban tódolos veciños, era o magosto. A festa do magosto é unha celebración do outono na que as castañas son as protagonistas xunto co viño novo. Celébrase o día 1 de novembro ou o día 11, día de San Martiño.